

A NATUREZA NA LITERATURA

ELEMENTOS ECOLÓXICOS NA OBRA DO

“IRMÁN DANIEL” (V)

Emílio Xosé Insua



Proseguimos a nosa incursión polos textos de Castelao á procura de elementos relacionados coa natureza ou que amosen unha sensibilidade ecoloxista 'avant la lettre'. Nesta penúltima entrega detemo-nos no "Libro Segundo" e "Libro Terceiro" do Sempre en Galiza.

Castelao comezou a escribir o "Libro Segundo" da súa obra **Sempre en Galiza** en Nova Iorque, durante os primeiros días de 1940. Aos puntos da súa pluma acodiou entón toda a tristura, todo o isolamento e toda a decepción dun exiliado político galego que experimentaba nos EE.UU. unha soidade de dimensións case ontolóxicas, tanto porque "ningún dos meus veciños de enfrente sabe que hai unha Patria que se chama Galiza" como, fundamentalmente, polas actitudes cainitas e de división en que se encerellaban as diversas faccións do republicanismo español transterrado. Nese sentido, vai empregar Castelao unha expresiva metáfora co xunco como elemento básico para deixar ben claro en quen cifraba primordialmente as súas esperanzas nunha futura reinstauración democrática na Península:

"Permitídemme decir que teño máis confianza nos hespañoes vencidos que nos desterrados. Teño máis fe nos xuncos (dobrados pol-a enxurrada, pero firmes, coas raíces na terra)

que os albres que arrastrou a corrente, porque cando as augas volvan ao seu canle natural, o xuncal revivirá, pódose en pé".

Navegando rumbo a Buenos Aires no vapor "Argentina", despois de ter deixado en xuño de 1940 a megápole estadounidense antes citada, Castelao mantén unha discusión con outro pasaxeiro do barco "incapaz de comprender a variedade humán". O de Rianxo, esporado polo debate que acaba de ter con ese individuo autocualificado como "cosmopolita", estampa no papel as seguintes reflexións filosóficas, en que se combinan a defensa do libre albedrio, a constatación da superioridade do ser humano sobre os animais e o combate da "tentación" uniformizadora que algúns sentían a respecto das colectividades humanas, en aras de valores como a produtividade, a eficacia, a disciplina, a organización, etc.:

CASTELAO FORMULA UNHA LECTURA VALORIZADORA DA DIVERSIDADE CULTURAL: ANTES QUE "CASTIGO DIVINO" É BENZÓN E VERDADEIRO DESTINO DA HUMANIDADE

"Disque o home é superior ás bestas porque fabrica ferramentas e aparellos (creo que foi Carlyle quen o dixo). O home, pois, progresa e os animaes, non. Un burro de hoxe, poño por caso, é idéntico a un burro de fai mil anos e todol-os seus descendentes serán tan burros coma él. En troques un home de hoxe fai cousas que non facían os seus abós. ¿Vichedes algunha vez a un animal que voase sen ter azas? Pois ben: o home inventou o avión e voa mellor que ningún paxaro. Todo esto quer decir que a nosa intelixencia vainos erguendo da miseria igoalitaria, e que imos ascendendo cara a perfeición por camiños que nós mesmos inventamos. Gracias á liberdade de pensar non ficaremos

resiñados antramentras non cheguemos a ser deuses.

A orgaización das abellas e das formigas será perfecta para certos homes que non teñen esprito e que gostan de baixar pol-a escada zoolóxica en vez de rubiren ao ceo, con aparellos ou coa simple imaxinación. Queren ser felices e d-eiqué provén o seu anxeio de retornaren á vida das formigas e das abellas".

Na continuación, alude Castelao aos relatos bíblicos da Creación no Paraíso e a Torre de Babel para cuestionar as tradicionais interpretacións que deles se facían e formular, por contra, unha lectura valorizadora da diversidade cultural non como "castigo divino", senón máis ben como benzón e verdadeiro destino da humanidade:

"Según o mito bíblico (non esqueza-mos qué veu de Ourense, a patria de total-as resiñacións) a serpente dou-nos un mal consello; pero ¿é que as desventuras do home proveñen da súa intelixencia e da súa liberdade? Non sei se abolindo os anxeios de superación animal chegaríamos a ser máis felices; pero nunca máis diños da divinidad. O conto é que o home (botado do Paradiso, por non querer ser animal) abreu camiños, creou culturas e civilizacións e aínda hoxe está moi lonxe do fito terminal. Aínda estamos no mito da torre de Babel, cando as greas de homes comezaron a falaren línguas diferentes e non se entendían ¿Pode estimarse esta aparente desventura como un castigo de Deus? De ningunha maneira. A variedade de culturas, de línguas, de modos de vivir e de pensar, son xeitos de superación, e pol-a loita que impoñen (ás veces sanguiñenta), imos arredándonos do Paradiso. As relixións (que veñen de Ourense) pretenden un imposible: que retornemos ao Paradiso, porque sóio alí se atopa a felicidade. Mais para un occidental esta felicidade é

unha renunciación ao que o home ten de divino. Así pois, nós seguiremos alonxándonos do Paradiso, tal e como está marcado no noso destino, falando línguas diferentes, creando culturas diferenciadas e civilizacións cada vez mellores”.

Un Castelao de pensamento humanista e imbuído ao mesmo tempo nun optimismo transcendente realizará a seguir, no mesmo trecho do **Sempre en Galiza** que estamos comentando, o seguinte chamado:

“Aprendamos, pois a vivir enriba da terra, como deben vivir os homes; pero procuremos non rebaixar a nosa grandeza humán. Aqueles que baixan pol-a escada animal e ademiran a orgaización social das formigas renúncian á grandeza humán, basada na nosa superior intelixencia. Xa fomos formigas e leóns; pero xa somos homes, e compre que aceptemos total-as desventuras, coa seguridade de acabar con elas. Algún día chegará en que este ‘val de bágoas’ se torne, pol-a nosa sabiduría, en cibdade de paz (...)

A uniformidade que degoiran algúns, só se logra coa morte (...) A teima universalista ou a degradada imbecilidade dos cosmopolitas, é tan absurda como desexar que desaparezan os negros. Podían dicir total-as constituicións políticas do mundo: “Prohíbese a existencia dos negros”, e

podían matarse a todol-os seres desta raza; pero xurdirían outra vez no crisol dos trópicos. O que non se pode facer hoxe por hoxe, é converter a un negro en branco. Non hai máis que un sol para todos, pero este sol único fai negros en África e loiros en Escandinavia. Aceptemos, pois, as realidades que nós non podemos abolir e respetemos as que, podendo ser abolidas, foron creadas pol-a nosa natural condición de homes. E o máis respetable é a variedade, porque n-ela reside o acervo común, como na loita reside a orixe da ascensión humán cara Deus”.

“DENDE QUE SAÍMOS DO PARADISO TERRENAL FICAMOS SOMETIDOS, POR LEI DE NATUREZA, Á VARIETADE DE LINGOAS E DE CULTURAS”

A diversidade de línguas, nese sentido, cabia entendé-la no peor dos casos como unha “desventura necesaria”, pois, segundo expón o autor de **Cousas**,

“Dendes que saímos do Paradiso terrenal ficamos sometidos, por lei de natureza, á variedade de línguas e de culturas. Cando éramos felices porque vivíamos como animaes, sóio cantábamos o himno da nosa especie (un ouveo que nos servia de lingoa para as nosas reducidas e invariables necesidades)”.

O “Libro Terceiro” do **Sempre en**

Galiza comezou a redixilo Castelao en 1942, dous anos despois de ter arribado como exiliado á Arxentina. O confesionalismo e o sentimentalismo que caracterizan algunhas das páxinas deste apartado do libro resultan sinceros e moi conmovedores. O de Rianxo declara-se, por exemplo, disposto a cambiar toda a luz do verán austral que inunda a súa fiestra por “un pequeno vidro, embafado

de choiva galega”. Sentindo, ademais, todo o peso do desterro forzoso no seu espírito, fai confesións como esta:

“A min abondábame un currunchito galego e a ledicia de ver a nosa paisaxe i escoitar o noso idioma. Eu creo, e repito con Heine, que dende a máis pequena fiestra pode contemplarse a inmensidade do ceo coma dende a máis pequena terra se pode comprender a grandeza do mundo. Endexamáis tiven vocación de emigrante. E dispóis de ter percorrido moitos camiños estranos, en contra da miña vontade, declaro que o nacer, vivir e morrer n-unha mesma terra é a sorte máis grande que se lle pode desexar a unha criatura; pero a condición de que na terra nativa haxa liberdade e xusticia, pois sen estes dous bens tamén hai desterro na propia terra”.


Antes da guerra civil, algúns intelectuais e xornalistas galegos como Antón Villar Ponte, Johán Carballeira, Lustres Rivas, Vicente Risco, Xoán Xesus González, etc., tiñan debatido con certo ardor xa nas páxinas do diário vigués *Galicia* e máis nas do ourensán *La Zarpa* dous problemas autenticamente “constitutivos” da Galiza: o do relacionamento/divorcio entre a “cidade” e a “aldea”, por unha banda; e o das consecuencias, positivas e/ou negativas, derivadas da caréncia no país dunha grande urbe rectora, ao estilo da Barcelona catalana. Castelao, coa mente posta nunha futura restitución democrática e soberanista para a Galiza, escribe agora a ese propósito:

“E se, patrióticamente, renegamos da cibdade é porque ésta endexamais quixo abrirse aos ideais que a circundan, e, pechada na prosapia do seu orixe, sempre fixo desprezo da humanidade que baixou das citáneas e que vive e traballa arrentes da terra. A cibdade, dende adentro, é como unha illa que despreza o mar e sóio agarda polo arribo de barcos aventureiros (...) Os galegos aldeáns respetan a cibdade e saben o que ela garda ou ofrece; pero é que os habitantes da cibdade aínda non saben en qué país están vivindo, nin o que os aldeáns gardan ou ofrecen. A cibdade cree que fora d-ela non hai máis que paisaxe, patacas e leite...; iñoran que tamén existe unha cultura nobre, antiqüísima e insobornable (...); pero aínda que a



CASTELAO

- Din que un hay rias mais bonitas que as nostras.
- Pero xa non temos peixes.



Sendo borracho val máis ter un burro que un automovil...



SAPO 1^o - O home manda en todo
SAPO 2^o - Pero o home é esclavo do home

*cibdade o soupera non-o agradece-
ría, porque é alleira*".

Na mesma liña de valorización do contributo do mundo aldeán ao "ser" histórico e cultural da Galiza, Castelao vai vincular directamente o lirismo dos Cancioneiros galaico-portugueses medievais coa cultura rural. A poesía dos nosos trobadores, ao seu ver, tiña un marcado "arrecendo bucólico", e nos Cancioneiros, escribe o rianxeiro, "todo é zume da terra, celme da tradición, alento de ocultas orixens, escaerio húmido e fresco". Deses maneira, con aseveracións que entendemos serían máis aplicábeis ao xénero da "cantiga de amigo" en particular que non ao conxunto xeral da produción poética galaico-portuguesa medieval, coida o autor de **Os vellos non deben de namorarse** que

"a estrutura rural de Galiza desempeñou, sen dúbida, un rol decisivo na xénese dos Cancioneiros, que son fillos lexítimos das trovas que se deprendían á volta das romerías e das cántigas que acompañaban o traballo labrego. Certo é que a poesía galega non nasceu en berce de ouro nin choutou en molidas alfombras; foi nada en céspede frorido e arrolouna o queixume dos bosques e o marmurío das fontes. Por eso é unha poesía ao ar libre con paisaxes de infinida fremosura (...)".

Noutra orde de cousas, nalguns parágrafos do "Libro Terceiro" Caste-

lao deita atención sobre unha problemática moi relacionada coa xestión dos recursos naturais, como é a dos montes comunais: "Pol-as abas dos montes incultos (incultos por seren do Estado centralista) ruben os piñeirases coma se fose os dedos arteiros dun ladrón", escribe graficamente, para denunciar na continuación a perda da histórica riqueza florestal galega, perda causada pola política centralista inspirada por Castela:

"Percorramos con ollos galegos os arrais da nosa Terra e veremos alí mesmo o que, para nós, siñificou e siñifica o Estado hespañol nascido en Castela. A enorme extensión dos nosos montes, denantes povoados de albres (foi Felipe II quén ordeou a derradeira tala), amóstranse agora enteiramente calvos i "en maldita esterilidade" cando podían constituir a nosa fonte principal de riqueza. N-eses montes está presente o ideal arrasador de Castela, nemiga dos albres e dos paxaros".

Unha derradeira reflexión do de Rianxo que queremos traer aquí a colación ten a ver cun intento de desmontaxe pola súa parte do tópico da "feminidade" da paisaxe galega, proclamada en primeira instancia por Miguel de Unamuno e divulgada despois polo doutor Roberto Nóvoa Santos. Castelao, despois de advertir que os tópicos literarios adoitan embafar os ollos do espírito, indicaba:

"¿Non temos acaso nós algúns homes de ciencia que de boa fé se deixan invadir por falsos tópicos literarios? Lembremos que o mesmo Nóvoa Santos eisaltou o carácter feminino da nosa paisaxe, proclamado por Unamuno, coma se non tivese ollos para afondar no segredo das cousas e non vira que así se xustificaba, dende Galiza, un malintenzoado tópico castelán (un dos moitos que inventou a literatura de secano). Afetá que a paisaxe galega é femia porque ten formas redondeadas!... Pero ¿non vén que eso se debe á dureza granítica do chán, co que o tempo e os axentes atmosféricos non puideron modelar as alarmantes escenografías que os turistas adimiran n-outros paisaxes de Hespaña? Galiza é un país moi sério e moi redondo, como é o mundo: sen arquitecturas de escaiola e sen ceos de añil barato.

Xusto é que lle chamemos Nai á nosa Terra (total-as Terras son Nais); e admitiríamos que Castela fose "macho" (tal arelan os casteláns) se non estivéramos vendo a súa extraordinaria fecundidade; pero non creemos que un povo sexa máis macho que outro pol-o feito de volver dunha guerra e amosstrar o seu coiro cheo de cicatrices. Aos povos e ás terras hai que xusgalos en toda a fondura que teñan (...)".